



Asmir é un neno musulmán que vive en Saraiivo, cidade que a guerra converteu nun verdadeiro inferno. Xunto ao seu irmán, a súa nai e a súa avoa, consegue tomar un avión que os leva ata Belgrado. Non obstante, o seu pai tivo que quedarse atrás... e eles só estarán a salvo cando cheguen a Viena. Asmir odia a guerra.




Tras a invasión de Holanda, os Frank, comerciantes xudeus alemáns emigrados a Amsterdam en 1933, ocultáronse da Gestapo nunha bufarda anexa ao edificio onde o pai de Ana tiña as súas oficinas. Eran oito persoas e permaneceron recluídas dende 1942 ata 1944, ano no que foron detidos e enviados a campos de concentración. Nese lugar e nas máis precarias condicións, Ana, de trece anos, escribiu o seu estremecedor diario: un testemuño único no seu xénero sobre o horror e a barbarie nazi, e sobre os sentimentos e experiencias da propia Ana e os seus acompañantes. Ana morreu no campo de Bergen-Belsen en marzo de 1945.




Este libro trata de Sofia, quen un día pisou unha mina antipersoas que estaba enterrada nos arredores do seu poboado en Mozambique. Sofia existe realmente. É unha persoa invencible. Sobreviviu e non se deixa pisar. Henning Mankell coñeceu a Sofia e son amigos próximos. Sofia corre a través da noite. Está escuro e ten moito medo. Corre por un camiño que pasa entre arbustos e silveiras. Non ve o camiño, pero recórdalo, os seus pés saben onde xira e onde segue recto. Que é o que a persegue na escuridade? Un animal que nin sequera ten ollos? Debe esconderse, saír do camiño e encollerse, facerse pequena entre a maleza. Dá un salto como viu facer os antílopes, e abandona o chan. E entón xa o sabe...



Se decides embarcarte na aventura de ler este libro de John Boyne, debes saber que acompañarás a Bruno, un neno de nove anos, cando se muda coa súa familia a unha casa onda unha cerca. Hai milleiros de armados coma ese en moitos sitios do mundo; só desexamos que nunca te atopas con ningún, e se o fas, que teñas forza para librarte del...



Nas paredes do seu cuarto non hai fotos de futbolistas. No seu equipo de música non soan cantantes clónicos nin ritmos prefabricados. Nos seus estantes non se acumulan medallas deportivas. No seu armario non garda roupa de marca, confeccionada seguindo a última moda. En clase escoita e toma apuntamentos? É motivo o abondo para chamarlle Eskoria??




Lisbeth Salander tomou un tempo: necesita apartarse do foco de atención e saír de Estocolmo. Trata de seguir unha férrea disciplina e non contestar ás chamadas nin ás mensaxes de Mikael, que non entende por que desapareceu da súa vida sen dar ningún tipo de explicación. Lisbeth cúrase as feridas de amor en soidade, aínda que intente distraer o desencanto co estudo das matemáticas e certos praceres nunha praia do Caribe.

Nassima é unha nena de dez anos, nacida no Afganistán dos talibáns, que se resiste a aceptar as novas normas e restricións que "uns homes con barbas longas e ollos enfurecidos" imponen ás mulleres. A cativa non concibe a perda repentina da súa liberdade e decidirá vivir unha apaixonante aventura antes que fuxir do seu país envolta nunha alfombra do xeito que lle propón o seu pai. O seu amigo Mohamed será o seu mellor compañeiro nesta historia dos nosos días, arriscada e valente.





Neste relato autobiográfico -sobre a súa vivencia como xudeu-alemá na Segunda Guerra Mundial-, Anna sente que ao quitarlle o seu coello rosa de peluche, lle están a arrebatarse bruscamente a súa infancia, e se ve obrigada a incorporarse ao complexo mundo de preocupacións e responsabilidades dos adultos




Un profesor propónlles aos seus alumnos un xogo como exame para aprobar as matemáticas. O venres pola tarde, o profesor morre, pero, antes de falecer, comenta aos seus alumnos que o sobre que hai no seu peto lles indicará como buscar o seu asasino. Non deben fallarlle...


Sara, unha moza de dezaseis anos, narra de forma apaixonada os acontecementos que durante unhas vacacións de verán na casa da avoa foron un auténtico terremoto na súa vida e lle axudarán, dende entón, a enfrontala dunha forma distinta. No cuarto que ocupa sentirá o inquietante desacougo dunha presenza fantasmal. Alí atopará, tamén, un fато de cartas e fotos, unha libreta de caligrafía apretada e unha selecta biblioteca que a levarán a descubrir unha inesquecible historia de amor e desamor entre dous mestres republicanos, que se produciu durante a Guerra Civil e os amargos anos da posguerra.

Un libro sobre a guerra e o seus desastres froito da estada do autor na exIugoslavia en 1991 e 1994. Este libro trata sobre a guerra e sobre o comportamento das persoas en situacións límites. Os contos que forman este volume naceron das vivencias persoais de Miguel Anxo Murado no conflito bélico que destrúe a antiga Iugoslavia, lugar no que o autor estivo e a traballar como corresponsal de guerra. Esa experiencia é narrada aquí dende unha sobriedade expresiva que realza o horror esencial dos feitos.





Durante o ano 1797, o ano dos motíns, un rapazolo de vinteun anos, Billy Budd, encarnación da bondade natural, é trasladado do barco mercante "Dereitos do Home" ao buque de guerra británico "Bellipotent" onde é vítima da envexa de Claggart, o Mestre de Armas. A narración dos feitos sucede rapidamente para acadar un trágico final no que os personaxes Billy, Claggart e o Capitán Vere vanse trocar en símbolos de conduta da complexa condición humana.



Heller Higland é un anxo da morte, un recadeiro de malas novas. Durante o verán anterior ao 11 de setembro de 2001 percorre velozmente na súa bicicleta as rúas de Nova York, unha cidade que semella a piques de se derreter. Este adolescente maduro e consciente das inxustizas que existen no mundo traballa ao servizo da empresa Noticias Suaves, onde é o encargado de entregar as noticias máis tristes. Acompañáremolo neste itinerario que percorre a pel dos sentimentos.



En Agosto do 36, Xosé Fernández Ferreiro aborda o tema da guerra civil en Galicia, relatando, a partir dun feito real, o "paseo" do que foi vítima unha parella de mestres rurais nunha aldea da serra de Ourense nos primeiros días do alzamento militar. O autor conduce con gran axilidade ao lector pola trama da novela, e mergúllao nunha atmosfera abafante, de crueza e tensión, na que as paixóns das persoas, con todas as súas vilezas, saen a flote nun contexto en que amor e odio se tocan.



As rulas de Bakunin nace do gromo da sensibilidade dos derrotados e os perdedores. Antón Riveiro Coello, un dos escritores galegos actuais de meirande pulo narrativo, fai con esta novela un acto restitutorio e tamén de rebeldía. Recuperar a memoria dos heroes silenciosos que loitaron pola liberdade: velaquí a vida de Camilio Sabio Doldán, un vello anarquista case centenario que viviu a guerra, o cárcere e o exilio. O temor intenso das paisaxes do pasado nunha novela que conmove e impresiona.



<http://biblifonsa.blogspot.com>

SUXESTIÓNS DE LECTURA

DÍA DA PAZ E DA NON VIOLENCIA
30 DE XANEIRO



BIBLIOTECA DO LES FONTENALBE
A FONSA GRADA